

23

Peter Schneider

The Wall - A Muralla

Peter Schneider

Deputación de Lugo
Área de Cultura e Deportes

Antón Bao Abelleira
Vicepresidente

Antonio Veiga Outeiro
Deputado delegado

MUSEO PROVINCIAL de Lugo
Aurelia Balseiro García
Directora

CATÁLOGO

Colección Ronsel 23

Edita
Museo Provincial de Lugo
Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo

Coordinación
Xoán Ramiro Cuba Rodríguez

Textos
Aurelia Balseiro García
Enrique Alcorta Irastorza

Fotografías
Peter Schneider

Deseño gráfico e maquetación
ta ta ta

ISBN: 978-84-8192-440-4
Depósito legal: LU-208-2010

Primeira edición, xullo de 2010

© da presente edición Museo Provincial de Lugo
© dos textos os seus autores
© das fotografías Peter Schneider

EXPOSICIÓN

Dirección e coordinación
Aurelia Balseiro García

Montaxe
ta ta ta
Unidade de Mantemento do Museo Provincial

Sala de exposicións do Museo Provincial de Lugo
19 de xullo ao 30 de setembro de 2010

Cúmprese o décimo aniversario da declaración, pola UNESCO, da Muralla de Lugo como Patrimonio da Humanidade. Dende a Área de Cultura da Deputación e dende o Museo Provincial de Lugo, que depende desta, queremos contribuír a esta celebración promovendo unha serie de iniciativas que deben servir non só para ter presente a importancia de tal declaración , senón tamén para reafirmarnos no compromiso que temos contraído coa conservación, protección e difusión deste emblemático monumento e, en xeral, do noso patrimonio histórico e cultural.

A Muralla de Lugo, sen ningunha dúbida, é para todos os lugueses e tamén para o pobo galego un monumento que encerra un gran valor simbólico relacionado cunha etapa histórica e cun momento cultural decisivo na configuración da nosa cidade e do noso país: a romanización. A muralla, ademais, está inseparablemente relacionada coa nosa evolución histórica ao longo de case dous milenios.

As especiais características desta construción, indisociable da trama urbana e humana dunha cidade en grande maneira definida polo propio recinto; o seu uso cotián, nos tempos de hoxe, como punto de encontro, de paseo e de lecer da cidadanía fan da muralla un monumento único. Todo isto queda patente nas fotografías de Peter Schneider que son un testemuño

inmellorable da muralla en multitude de detalles que poden pasar desapercibidos para a maioría, pero que el soubo captar con agudeza e sensibilidade. Schneider é un fotógrafo alemán, residente en Lugo, que xa en anteriores ocasións abordara a tarefa de poñernos diante de diversos elementos patrimoniais de noso: os castros, por poñer un exemplo singular.

Agora enfróntase á muralla, á cidade e ás súas xentes e axúdanos a descubrir novas facianas desta cerca de pedra que nos protexeu durante séculos e que segue en pé como unha metáfora de nós mesmos e da nosa identidade. Con esta mostra, Schneider tamén nos axuda a situarnos diante do noso monumento esencial cunha nova perspectiva. As fotos de Schneider fan que nos sintamos aínda máis lexitimamente orgullosos de poder gozar deste monumento extraordinario que —por chegar ata aquí superando os avatares e os embates da historia— é con todo merecemento patrimonio de toda a humanidade.

Antón Bao Abelleira
Vicepresidente da Deputación de Lugo

AURELIA BALSEIRO GARCÍA

Poucas dúbidas caben sobre a riqueza arqueolóxica da nosa capital como, de xeito máis extenso, a de toda a provincia. Por iso, a Deputación Provincial e, particularmente, o Museo Provincial, como institucións dinamizadoras, non esquecen que desta riqueza deriva o papel do Museo como centro conservador, investigador, expositor e difusor do noso legado patrimonial e que, polo mesmo motivo, non poden estar afastados de certas accións e conmemoracións culturais. Neste ano celebramos unha importante efeméride como é o décimo aniversario da declaración da Muralla de Lugo como Patrimonio da Humanidade. Unha muralla romana pero tamén medieval, moderna e contemporánea, pois leva connosco case dous mil anos.

O proxecto que presentamos, en relación con esta conmemoración ten dúas partes: unha mostra arqueolóxica baixo o título *A Muralla no Museo* e outra de fotografía, *The Wall - A Muralla*, da que é autor Peter Schneider. Ambas as dúas mostras serán exhibidas conxuntamente na Sala de Exposicións do Museo Provincial de Lugo, do 19 de xullo ao 30 de setembro e despois itinerará por diversos centros da nosa provincia cuns obxectivos fundamentalmente didácticos e divulgativos. O fotógrafo alemán Peter Schneider, afincado en Lugo, preséntanos un conxunto de fotografías de gran formato e en cor realizadas durante este mesmo ano. Tres visións da muralla, como apreciable legado monumental romano, como elemento construtivo inserido na paisaxe urbana e como un dos eixes sociais, lúdicos e de lecer da nosa cidade. Na mostra únense as grandes panorámicas nas que a muralla e a cidade moderna se combinan en interesante contraste, con outras imaxes nas que, pola contra, pequenos obxectos resaltan contra o enorme volume do monumento. Nalgunhas tomas, a figura humana, ollando, paseando, pensando, soñando polo

adarve, ou aos pés, nas proximidades da muralla, queda empequenecida contra ese marco, aínda que sen perder protagonismo. Noutras é a muralla a que cede ante a figura humana, establecéndose unha inapreciable e recoñecible relación a tres bandas entre o monumento, a cidade e os seus moradores. Pero fraco favor lle faríamos ao noso patrimonio se nos limitásemos a honralo só en efemérides espazadas no tempo. De aí o noso compromiso co traballo continuado, coa acción concreta, co día a día como modelo de actuación prioritaria, exemplificada no desenvolvemento de actividades didácticas relacionadas coa muralla no MPL. Pero de aquí tamén, o carácter itinerante desta dobre exposición. A muralla non é patrimonio exclusivo dos habitantes da cidade, os seus directos usufrutuarios, senón que o seu gozo debe estenderse máis alá, a nivel provincial, polo que este proxecto do MPL impulsado pola Vicepresidencia Primeira da Deputación Provincial de Lugo tamén percorrerá a provincia durante os vindeiros meses.

ENRIQUE ALCORTA IRASTORZA

Reconstruír dende dentro o que os arqueólogos do século XIX —e tamén do XX, engadiríamos—, fixeron dende fóra. É esta unha reflexión de Marguerite Yourcenar, para as *Memorias de Adriano*, incluída no seu caderno de notas de traballo.

Certamente, paseando pola muralla, compoñían unha estraña parella: un fotógrafo de orixe alemá e un arqueólogo de orixe vasca e xa moi lucenses de tantos anos asentados nesta cidade. Ao principio foron conservacións cargadas de historia, de datos, de referencias arqueolóxicas, de observacións cronolóxicas, de secuencias estratigráficas. Cuestións, como se comprenderá, perfectamente eruditas e, polo mesmo, completamente prescindibles. Máis tarde, o encanto da muralla superou tan soporíferas charlas e impuxéronse, de forma inconsciente e relaxada, aquelas dedicadas a comentar o ritual paseo de moitos lucenses pola muralla, a cantidade e calidade dos edificios, os ámbitos apenas entrevistos por mínimos ocos construtivos, o cambio de luz nas revoltas para observar as instintivas accións corporais caninas. Comentarios, como se comprenderá, perfectamente intrascendentes e, polo mesmo, completamente interesantes. E todo salpicado ocasionalmente por algunha que outra parada para repoñermos forzas.

Acaso, sen querelo, de xeito inconsciente, cruzouse unha fronteira entre a mirada externa e a interna, entre a acumulación e a reconstrución. Quen sabe se foi así?. De calquera xeito impoñíase unha idea, unha imaxe. O concepto de monumento, de glorioso recordo do pasado era cousa moderna e de eruditos. A concepción de Patrimonio da Humanidade, coas súas vantaxes e inconvenientes, resulta aínda máis contemporánea e, dende logo, nada tiña que ver coa idea inicial, defensiva e de prestixio, que animou na súa orixe a construción da muralla. Muralla que, polo demais e ao fin e ao cabo, non era tal, senón parte dun sistema defensivo. Sistema defensivo que, ademais, estivo activo até ben entrado o século XIX. Un elemento aparentemente simple, pero con moitos matices e, sobre todo, complexo na súa estrutura e na súa evolución histórica.

Muralla cantada por poetas, gabada por eruditos, investigada por científicos e gozada por propios e estraños, e tamén, por que non, desprezada en ocasións. Muralla romana de Lugo, pero tamén medieval, moderna e contemporánea. Muralla Patrimonio da Humanidade, pero tamén, e sobre todo, de Lugo. Muralla símbolo e tamén elemento urbano físico. Monumental e cotiá. Canteira de pedra, protectora contra ventos, asento de edificacións, adega, forno e armario. Lugar de espaxemento, espazo de traballo. Muralla pechada, pero tamén foso, control do contorno, sistema defensivo, camiño de rolda, paso, lugar de encontro, circuito deportivo, paseo, referencia de civilización. Muralla que pecha, pero aberta tamén ao horizonte. Muralla, á fin, nosa e de todos. Muralla, viva, que nos acompaña dende hai mil oitocentos anos.

Delimitación integradora e tamén liña de separación. Muralla repetitiva na súa estrutura, pero sempre diferente. Atalaia dominante, prominencia sobre tellados. Muralla limpa, aseada, pero tamén, con expresión politicamente incorrecta, indecorosa. Muralla coñecida, visible e accesible, pero tamén recóndita e descoñecida. Muralla de medo e tamén de esperanza. Así as cousas, o corolario era doado de deducir. Muralla, cidade e habitantes, e tamén o espazo inmediato, sumidos no pasado, formaban un conglomerado indisoluble no decorrer da historia, e cada xeración, segundo a súa mentalidade e necesidades, vía estes elementos de forma distinta á dos seus predecesores. En definitiva.

Como representar un monumento, que o é, sen esquecer que é tamén obra de enxeñaría cos seus múltiples elementos conformantes nin os elementos que secularmente se lle foron engadindo á estrutura para facilitar o seu uso civil?. Como enxergar, a través dunha imaxe, o aglomerado construtivo histórico e como representar a continuidade dos usos, no sentido da antiga vía romana transformada na moderna estrada?

Como achegarse aos pequenos detalles, que a miúdo pasan desapercibidos, pero que conforman parte dese conglomerado?.

Aquí o papel do arqueólogo esvaécese e asoma a mirada, a percepción, a experiencia e a técnica do fotógrafo. Peter Schneider, que xa se atrevera cos castros, resólveo variando as técnicas, os encadres, os ángulos, as luces, a posición da cámara, un conxunto de imaxes seleccionadas

dunha colección moito maior. Así, nesta exposición combínanse as grandes panorámicas cos pequenos detalles. Na mostra axúntanse as grandes panorámicas nas que, en interesante contraste, conecta a muralla e a cidade moderna, con outras nas que, pola contra, pequenos obxectos resaltan contra o enorme volume do monumento. Aproveitando a cor xeral da cidade, contrastándoa con puntos de cor. O mesmo coa muralla, monótona no seu cromatismo, fondo plano sobre o que reločen máis os puntos de cor. Combinación de beirarrúas, tellados, monumentos, fondos. Primeiros planos detallados contra fondos planos xerais difusos. Pasarelas, escaleiras, pasamáns, semáforos, sinais de tráfico, farois. Balcóns, ventás. Caracol despistado. Construción pura, sen figura humana. Figuras humanas, mirando ou paseando, empequenecidas, sen perderen protagonismo, contra ese mesmo marco. Muralla que cede ante a presenza do ser humano, establecéndose unha inapreciable e recoñecible relación a tres bandas, entre o monumento, a cidade e os seus moradores.

E todo sen título. Mellor deixar que o espectador a contemple e que lle poña nome á imaxe segundo a súa experiencia, sentimentos e percepción.

I
Fotografía dixital
84 x 129 cm
Edición limitada (7 exemplares)
6 de abril de 2010





II

Fotografía dixital
56 x 95 cm
Edición limitada (7 exemplares)
9 de maio de 2010



III

Fotografía dixital
63 x 95 cm
Edición limitada (7 exemplares)
16 de maio de 2010



IV
Fotografía dixital
55 x 90 cm
Edición limitada (7 exemplares)
13 de abril de 2010

V
Fotografía dixital
84 x 126 cm
Edición limitada (7 exemplares)
30 de maio de 2010



VI
Fotografía dixital
60 x 90 cm
Edición limitada (7 exemplares)
30 de maio de 2010





VII
Fotografía dixital
84 x 132 cm
Edición limitada (7 exemplares)
8 de xaneiro de 2010



VIII

Fotografía dixital

84 x 125 cm

Edición limitada (7 exemplares)

11 de maio de 2010



IX

Fotografía dixital

83 x 135 cm

Edición limitada (7 exemplares)

9 de maio 2010




X
Fotografía dixital
64 x 95 cm
Edición limitada (7 exemplares)
16 de maio de 2010



XI
Fotografía dixital
90 x 56 cm
Edición limitada (7 exemplares)
4 de xuño de 2010

XII
Fotografía dixital
85 x 128 cm
Edición limitada (7 exemplares)
26 de xuño de 2010





XIII

Fotografía dixital

84 x 126 cm

Edición limitada (7 exemplares)

16 de maio de 2010




XIV

Fotografía dixital

84 x 126 cm

Edición limitada (7 exemplares)

30 de abril de 2010



XV
Fotografía dixital
98 x 65 cm
Edición limitada (7 exemplares)
16 de maio de 2010

XVI
Fotografía dixital
62 x 95 cm
Edición limitada (7 exemplares)
4 de xuño de 2010



XVII
Fotografía dixital
84 x 126 cm
Edición limitada (7 exemplares)
30 de maio de 2010



XVIII
Fotografía dixital
85 x 128cm
Edición limitada (7 exemplares)
30 de maio de 2010



XIX
Fotografía dixital
84 x 126 cm
Edición limitada (7 exemplares)
16 de maio de 2010

XX
Fotografía dixital
84 x 126 cm
Edición limitada (7 exemplares)
11 de maio de 2010



XXI
Fotografía dixital
66 x 100 cm
Edición limitada (7 exemplares)
13 de abril de 2010

7 DE AGOSTO DE 1963, FRANKFURT (ALEMAÑA)

Peter Schneider



Peter Schneider, naceu o 7 de agosto de 1963, en Frankfurt (Alemaña). Pero con seis anos mudouse ás montañas da Selva Negra. Descubriu Galicia como turista en 1983 e comezou con traballos sobre o noso país en 1989. Residiu en Malpica desde 1998 até 2004, cando decidiu instalarse na cidade de Lugo.

Fotógrafo dende 1988, comezou en 1992 como *freelance* facendo traballos de publicidade para editoriais, industria e público en xeral. Dirixiu ademais distintos cursos e talleres de fotografía, como “O retrato” na escola de Imaxe e Son da Coruña e o “*Stilllife*” na Fundacion CIEC de Betanzos.

1993
Premio de Arte dos Países Baixos en Alemaña, bolseiro durante 6 meses en Wilhelmshavan

EXPOSICIÓNS RELEVANTES

1992
Semana Internacional de Arte, Kleinsassen (Alemaña)

1993
Galería do Teatro, Wilhelmshaven

1994
Galería Sargadelos, Santiago de Compostela
Galería S, Furtwangen (Alemaña)

1995
Galería da Cidade BWA, Bydgoszcz (Polonia)

1996
Museo “ Prins Hendrik”, Rotterdam (Holanda)

1997
Museo Ueberauchen, (Alemaña)

1998
Galería Perspektive, Wilhelmshaven (Alemaña)

1999
Imaxe e Son, A Coruña

2003
Sala de Madariaga, A Coruña

2004
Museo de Bergantiños, Carballo

2006
Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela

2008
Galería Amararte, Lugo
Kiosco Alfonso, homenaxe a “Curros Enríquez”, (colectiva)

MEMORANDO

Co agradecemento á miña muller e a os nosos fillos, Pedro, Álvaro e o que vén en camiño, que naceron nesta cidade e levan ata hoxe a súa crianza dentro da muralla.

Este proxecto naceu polo aniversario da declaración da muralla de Lugo como patrimonio da humanidade. Son imaxes feitas en 2010. Unha particular visión dun cidadán que ten o privilexio de vivir a diario co patrimonio e que o usa, como moitos lucenses, paseando por ela no seu tempo de lecer.



XXII

Fotografía dixital

85 x 128 cm

Edición limitada (7 exemplares)

30 de abril de 2010